



## *Estimada Dona:*

Na derradeira década xurdiu un novo concepto de cidadanía acorde coa participación e implicación dun novo cidadán doente informado, disposto a compartir coñecemento, e atopar un espazo que lle permita ser tido en conta, e colaborar nas decisións do seu estado de saúde e da súa enfermidade.

Por outra banda, o SERGAS, do mesmo xeito que outras organizacións sanitarias, dispón de ferramentas para a integración deste tipo de accións que permiten o intercambio dixital de información entre o doente e o sistema público de saúde desde calquer lugar, fogar, etc... afianzando o poder do cidadán.

O empoderamento, aplicado ao binomio saúde e doencia, é un procedemento que faculta aos cidadáns para gañar protagonismo, autoridade e influenza nas institucións políticas ou da sociedade civil, e no caso específico do cancro ao desenrollo das súas capacidades.

En referencia ó cancro de mama, as mulleres que se consideran longo sobreviventes, aquelas doentes curadas que xa non reciben tratamento e que polo menos transcorren un período de cinco anos dende o diagnóstico, as secuelas da súa doença e dos tratamentos deben ser vixiadas dun xeito diferenciado.

A proposta que imos desenrolar diríxese con carácter específico a estas mulleres con cancro de mama, de xeito que resulte axeitada e eficiente cara obxectivos innovadores, tales como a promoción da saúde, prevención das condicións de saúde e limitacións inducidas polo cancro, e continuidade asistencial.

Por este motivo, o Servizo de Oncoloxía do Complexo Universitario da Coruña, deseñou unha acción dirixida a todas as mulleres longo sobreviventes do cancro de mama, a través de 4 eventos que se levarán a cabo no ano 2018 para toda a Área Sanitaria da Coruña na que collabora de xeito especial a Deputación da Coruña.

Invitamos a todas as mulleres con cancro de mama dos concellos da Área Sanitaria de A Coruña, a participar de xeito presencial nesta reunión no Pazo de Mariñán.

A inscrición pódese facer mediante a descarga da aplicación para dispositivo móvil, compatible para **Android** e **iOS**. Busque en Google Play ou App Store a app **EMCM18** ou **Empoderamento Cáncer de mama**.

Xerencia de Xestión Integrada

[www.galiciasauda.es](http://www.galiciasauda.es)  
Tel. 981 178 000  
Xubias de Arriba, 84  
15006 A Coruña

